

## Proposta para os programas electorais das eleccións municipais 2019

A normalización lingüística é un proceso social que procura a xustiza no ámbito sociolingüístico, para que os galegos e as galegas poidamos manter a visión do mundo desde a óptica que só nos pode dar a lingua propia do noso territorio. É responsabilidade de todos e de todas contribuírmos deste xeito a manter a diversidade e a riqueza lingüística e cultural do mundo, para que poidamos preservar esas visións e chamarlles ás cousas cos nomes xenuínos que aquí se lles deron.

As administracións teñen a obriga legal e a responsabilidade social de apoiar e promover ese proceso e, así, deben implementar **políticas lingüísticas activas, dinámicas e integradoras que poñan en valor a lingua propia e que fomenten o seu uso e prestixio en todos os ámbitos**, para procurar que o galego se use con normalidade no comercio, no deporte, no asociacionismo, entre a mocidade, nas novas tecnoloxías, no ensino, na cultura, na comunicación, no lecer, nas empresas, nos parques, nos centros de saúde etc.

No caso das **administracións locais**, esta **competencia en materia de normalización lingüística** vén establecida na lexislación lingüística galega e foi analizada recentemente pola Dirección Xeral de Administración Local no documento ***Informe sobre a prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local en exercicio de competencia propia*** (<https://i.gal/Cs85X>). Este texto aclara que as administracións locais teñen competencia nesta materia, que non é necesario que a xustifiquen e que, por tanto, **poden crear e manter servizos de normalización lingüística (SNL)**.

Para deseñar e executar as súas políticas en calquera área, os concellos dótanse de instrumentos técnicos. Así, para desenvolveren a política urbanística teñen departamentos de urbanismo, para as políticas culturais teñen departamentos de cultura, para as políticas sociais crean departamentos de servizos sociais... No ámbito da política lingüística e para desenvolver as competencias que lles son propias, **os departamentos técnicos que precisan as entidades locais son os servizos de normalización lingüística (SNL)**.

No entanto, os SNL que existen na actualidade nas diversas administracións locais caracterízanse na maioría dos casos pola **inestabilidade laboral** (<https://i.gal/G8mlc>), o que condiciona a súa permanencia na institución e o aproveitamento da formación e da experiencia dos/das técnicos/as de normalización lingüística. A **consolidación definitiva dos SNL nas institucións é unha necesidade** para crear unha **rede de traballo estable** no conxunto do territorio, que poida desenvolver accións locais, colaborar en proxectos supramunicipais (algúns xa existentes como Apego, Youtubeiras

e Youtubeiros ou o Club de Debate), e desta forma chegar coas accións de promoción do uso e do prestixio da lingua a unha poboación maior.

Por outra parte, o traballo colaborativo na promoción da lingua desde as administracións locais viuse reforzado grazas á recentemente creada **Asociación de Entidades Locais pola Lingua** (<https://i.gal/3nXpm>). A constitución desta entidade ten como obxectivo **mellorar a xestión dos proxectos do ámbito da normalización lingüística** que desenvolven simultaneamente e de forma colaborativa diferentes entidades locais. Na actualidade está integrada por 15 concellos e está aberta á incorporación de novas entidades locais sempre que desenvolvan políticas en prol da normalización lingüística e contén no seu organigrama cunha unidade técnica dedicada a executalas.

De acordo con todo o anterior, desde a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) **solicitamos a todas as organizacións políticas que inclúan nos seus programas para as eleccións municipais de 2019, cando menos, o seguinte punto** relativo á política lingüística desde o concello, texto que é complementario a outras propostas que se poidan ter para a normalización da lingua galega e que pode adaptarse á realidade de cada concello concreto:

**Poñer en valor a lingua propia e fomentar o seu uso e prestixio en todas as accións do concello e en todos os ámbitos e sectores do municipio, para o que se creará, potenciará e consolidará, de ser o caso, un servizo de normalización lingüística (SNL) estable** [ben propio, ben compartido con outros concellos (en caso de concellos pequenos)], **dotado de recursos humanos e partida orzamentaria suficientes, cuxa función será planificar, xestionar, executar e avaliar as accións e medidas axeitadas para o fomento do uso e prestixio do galego en todos os ámbitos sociais.**

**Facilitar a colaboración do SNL en proxectos supramunicipais desenvolvidos conxuntamente por diferentes servizos de normalización lingüística, co fin de optimizar recursos, ideas e experiencias, e, se aínda non forma parte, estudar a incorporación do concello na Asociación de Entidades Locais pola Lingua.**